

Reunido o día 22 de novembro de 2023 o tribunal do proceso selectivo para cubrir unha praza do grupo III, na categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (resonancia magnética nuclear), convocado por resolución reitoral do 2 de decembro de 2022, de cara a realización do **terceiro exercicio**, que terá lugar o vindeiro **1 de decembro de 2023**, ás **10:00 horas**, no **«Laboratorio de Resonancia Magnética»**, situado na planta baixa da **Facultade de Química**, Avenida das Ciencias, s/n, Campus Sur, Santiago de Compostela,

**ACORDOU** publicar as seguintes **instrucións e criterios de corrección**:

- A persoa aspirante deberá ir provista do DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade.
- Non se permitirá o acceso á aula na que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
- O tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio se así se precisase. Poderá solicitarse despois da realización do exercicio enviando un correo electrónico ao secretario do tribunal ([felix.navaza.aller@usc.es](mailto:felix.navaza.aller@usc.es)).
- O exercicio consistirá na realización dun suposto práctico proposto polo tribunal sobre os contidos do programa específico, no que a persoa aspirante deberá demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.
- O tempo máximo para a súa realización será de 60 minutos.
- Puntuarase de 0 a 30 puntos, desagregándose a dita puntuación entre os diferentes apartados do enunciado do suposto práctico. Para superalo será necesario obter un mínimo de 12,5 puntos.
- Valorarase o grado de acerto, calidade e adecuación das respostas dadas a cada unha das cuestiós prácticas formuladas.

A persoa aspirante serán convocada en único chamamento ás 10:00 horas e será excluída da oposición no suposto de que non compareza.

Consonte coa base 7.2 da convocatoria, a persoa aspirante disporá de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio, para presentar reclamacións ás preguntas formuladas no exercicio.

O presente acordo publicarase no taboleiro electrónico da USC (disponible na ligazón seguinte: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) na web de convocatorias de probas selectivas de PAS (<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oep/listado>) e no lugar de realización do terceiro exercicio: ««Laboratorio de Resonancia Magnética», planta baixa da Facultade de Química, Avenida das Ciencias, s/n, Campus Sur, Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2023.

A presidenta do tribunal  
Carmen Álvarez Lorenzo

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN ISABEL ALVAREZ LORENZO, NIF \*\*\*8792\*\*, 22/11/2023 14:41:45.

CSV: 2E76-8343-44F4-BA34